



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**EXPTE. 2020/G010/000007**

**ACTA SESIÓN ORDINARIA**  
**CONCELLO PLENO**  
**31 DE XULLO DE 2020**

**Srs./ Sras. Asistentes:**

**Sra. Alcaldesa-Presidenta:**

**Dna. Sandra Insua Rial**

**Sres./Sras. Concelleiros/as:**

**D. Fabián Canosa Pasantes**  
**Dna. Encarnación Liñeiro Pouso**  
**D. Sergio Caamaño Fernández**  
**Dna. Begoña Tajés Méndez**  
**D. Germán Camiño Mouzo**  
**Dna. Lara Pasantes Campaña**  
**Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño**  
**D. Mauricio Auffero Vigo**  
**Dna. Paula Mouzo Mas**  
**Dna. Yolanda Fernández Pájaro**  
**D. Santiago Pose Parga**  
**Dna. Ilva Carril Martínez**

**Escusa a súa asistencia:**

---

**Secretaria:**

**Dna. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**

En Camariñas, sendo as 20:00 horas do día **trinta e un de xullo de dous mil vinte** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria da Corporación, Dna. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a interventora da Corporación, Dna. María E. García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión ordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**PARTE I: ADOCIÓN DE ACORDOS**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE MAIO DE 2020**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión ordinaria (2020/G010/000005) celebrada o día 29 de maio de 2020** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a acta da sesión ordinaria de 29 de maio de 2020.

### **2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 17 DE XUÑO DE 2020**

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión extraordinaria (2020/G010/000006) celebrada o día 17 de xuño de 2020** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a acta da sesión extraordinaria de 17 de xuño de 2020.

### **3º.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA 186/2020 REFERIDO Á PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Con data 4 de maio de 2020 (REX nº 202000000000862) é remitida pola Excma. Deputación da Coruña a Circular sobre a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o POS+ Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia.

Considerando que a circular antes citada refírese especificamente ao POS+AD 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, para a aplicación de



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19

Considerando que a cantidade asignada ao Concello de Camariñas no POS+ ADICIONAL 2/2020 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles ascendía/ascende ao importe de 107.169,90 €.

Visto o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para solicitar a participación no devandito plan, xa que o mesmo remataba o 29 de maio de 2020.

Considerando que resultaba imposible e/ou moi dificultoso que o correspondente acordo fose sometido ao pleno da corporación, órgano competente, a Alcaldía ditou o Decreto 186/2020, de data 26 de maio, solicitando a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña e acordando que o mesmo debería ser sometido ao pleno da Corporación para a súa ratificación.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

**Primeiro:** Ratificar o Decreto da Alcaldía 186/2020, de data 26 de maio de 2020, sendo este do seguinte tenor literal:

### **"DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2020" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

**EXPEDIENTE:** 2020/A008/000027

*Vista a circular remitida pola Excm. Deputación sobre a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o POS+ Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia.*

*Considerando que o Pleno da deputación, en sesión celebrada en data do 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+ Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP núm. 66, do 05/05/2020).*

*Considerando que esta circular refírese especificamente ao POS+AD 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19*

*Considerando que a cantidade asignada ao Concello de Camariñas no POS+ ADICIONAL 2/2020 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles é por importe de 107.169,90 €.*

**Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020**

**3/40**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Visto que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece na súa disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e afectada posteriormente polo Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 maio) a suspensión dos prazos administrativos, así esta disposición di:

“Suspensión de prazos administrativos.

1. **Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.** O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

2. **A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.**

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

4. Sen **prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral** ou para o funcionamento básico dos servizos.

.../”

Visto que a correcta interpretación do citado precepto esixe entender que, polo seu mandato, prodúcese a suspensión automática de todos os procedementos das entidades do sector público desde a entrada en vigor da norma, calquera que sexa a súa natureza.

Visto que a norma recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público, en concreto, unha excepción referida aos procedementos esenciais para o interese xeral, definidos como os “que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”, supostos nos que se considera encadra perfectamente o presente procedemento e trámite, solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles.

Visto, ademais o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para solicitar a participación no POS+ ADICIONAL 2/2020, 29 de maio de 2020, polo que resulta imposible e/ou moi dificultoso que o presente acordo sexa sometido ao pleno da corporación, órgano competente, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

**Primeiro.-** Continuar coa tramitación do expediente ao concorrer os requisitos establecidos no apartado 4º da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, solicitando a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

### A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
------------------	------------

Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020

4/40

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	107.169,90 €
---	--------------

### B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

<b>Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>TOTAL</b>			

<b>Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>	<b>Financiamento dos investimentos</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>TOTAL</b>			

### C) Resumo:

<b>RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020</b>	<b>Financiamento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Gastos correntes</b>	<b>107.169,90 €</b>		
<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>			
<b>Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>107.169,90 €</b>		

**Segundo.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

**Terceiro.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Cuarto.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Quinto.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre a partir da data de hoxe do presente decreto para o seu coñecemento e ratificación.

**Sexto.-** Dar traslado do presente decreto e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Podiamos ter feito outras obras e iso pero decidimos destinalo a gasto corrente, remataba o prazo o 29 de maio, fixemos un decreto solicitando a participación no plan e hoxe damos conta no pleno”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (8 grupo municipal socialista e 4 grupo municipal do PP)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

### **4º.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA 187/2020, REFERIDO Á PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Con data 4 de maio de 2020 (REX nº 20200000000862) é remitida pola Excma. Deputación da Coruña a Circular sobre a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2020” para regular o POS+ Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia.

Considerando que a circular antes citada refírese especificamente ao POS+AD 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 para a aplicación dunha parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, de acordo co disposto no artigo 3, en relación co artigo 1.2, do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020); e de acordo co disposto no artigo 20 do Real Decreto-Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

Considerando que a cantidade asignada ao Concello de Camariñas no POS+ ADICIONAL 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 ascendía/ascende ao importe de 28.578,64 €.

Visto o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para solicitar a participación no devandito plan, xa que o mesmo remataba o 29 de maio de 2020.

Considerando que resultaba imposible e/ou moi dificultoso que o correspondente acordo fose sometido ao pleno da corporación, órgano competente, a Alcaldía ditou o Decreto 187/2020, de data 26 de maio, solicitando a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 da Deputación e acordando que o mesmo debería ser sometido ao pleno da Corporación para a súa ratificación.

Visto que con posterioridade dito Decreto foi obxecto de corrección e emenda a instancia da Deputación Provincial, ao detectarse erros aritméticos e omisións na táboa incluída no primeiro punto da súa parte resolutiva, así o Decreto 187/2020, se corrixe e emenda polos Decretos 212/2020 e 228/2020, de datas 4 e 9 de xuño respectivamente.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

**Primeiro:** Ratificar o Decreto da Alcaldía 187/2020, de data 26 de maio de 2020, corrixido e emendado polos Decretos 212/2020 e 228/2020, sendo aquel, tras a citada corrección e emenda, o que segue a continuación:

**"ASUNTO:** SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2020" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

**EXPEDIENTE:** 2020/A008/000026

*Vista a circular remitida pola Excm. Deputación sobre a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o POS+ Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia.*

*Considerando que o Pleno da deputación, en sesión celebrada en data do 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+ Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP núm. 66, do 05/05/2020).*

*Considerando que esta Circular refírese especificamente ao POS+AD 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 para a aplicación dunha parte do Superávit de operacións non financeiras (SONF) do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, de acordo co disposto no artigo 3, en relación co artigo 1.2, do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020); e de acordo co disposto no artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).*

*Considerando que a cantidade asignada ao Concello de Camariñas no POS+ ADICIONAL 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 é por importe de 28.578,64 €.*

*Visto que o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece na súa disposición adicional terceira (modificada polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo e afectada posteriormente polo Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 maio) a suspensión dos prazos administrativos, así esta disposición di:*

*"Suspensión de prazos administrativos.*

**Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020**

**7/40**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.** O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

**2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.**

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

4. Sen **prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral** ou para o funcionamento básico dos servizos.

.../”

Visto que a correcta interpretación do citado precepto esixe entender que, polo seu mandato, prodúcese a suspensión automática de todos os procedementos das entidades do sector público desde a entrada en vigor da norma, calquera que sexa a súa natureza.

Visto que a norma recolle algunhas excepcións á automática suspensión de termos e interrupción de prazos dos procedementos das entidades do sector público, en concreto, unha excepción referida as situacións estreitamente vinculadas á declaración do estado de alarma e outra excepción referida aos procedementos esenciais para o interese xeral, definidos como os “que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”, supostos nos que se considera encadra perfectamente o presente procedemento e trámite de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2020**” da Deputación Provincial da Coruña para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19”.

Visto, ademais o prazo perentorio outorgado pola Deputación Provincial para solicitar a participación no POS+ ADICIONAL 1/2020, o 29 de maio de 2020, polo que resulta imposible e/ou moi dificultoso que o presente acordo sexa sometido ao pleno da corporación, órgano competente, é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

**Primeiro.-** Continuar coa tramitación do expediente ao concorrer os requisitos establecidos no apartado 4º da disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, solicitando a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitando a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	28.578,64 €
---	-------------





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
<i>a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia.</i>	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €
<i>b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria.</i>			
<i>c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.</i>			
<i>d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados.</i>			
<i>e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario.</i>			
<i>f) Adquisición de medios de prevención (EPI).</i>	15.000,00 €	0,00 €	15.000,00 €
<i>g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.</i>			
<i>h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contén con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes</i>			
<i>i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.</i>	12.078,64 €	0,00 €	12.078,64 €



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
<b>T O T A L</b>	<b>28.578,64 €</b>	<b>0,00 €</b>	28.578,64 €

**Segundo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento e ratificación.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente decreto e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

**5º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DESAFECTACIÓN DA "ESCOLAS DE XAVIÑA" DO SERVIZO PÚBLICO DE ENSINO E A SÚA AFECTACIÓN SIMULTÁNEA AO USO CULTURAL (MUTACIÓN DEMANIAL) E CAMBIO DO USO ESTABLECIDO POLO PXOM PARA O REFERIDO TERREO/INMOBLE.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Considerando que con data 29 de novembro de 2019 o pleno do Concello adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

*“Considerando que o Concello de Camariñas é titular do inmovible denominado “Escolas de Xaviña”, incorporado ao Inventario de Bens do Concello co núm. 61.*

*Considerando que dito inmovible estivo destinado ao servizo público de ensinanza, non obstante desde fai uns anos no mesmo non se desenvolve o citado servizo público.*

*Considerando que sendo un ben de titularidade municipal e que non sendo destinado neste momento ao servizo público ao que está afecto, procede a súa desafectación do citado servizo, previa autorización da administración competente en materia de*



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

*educación, para destinalo a un fin/destino que contribúa a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é dicir, que satisfaga o interese público.*

*Considerando, como xa se dixo, que este ben non está sendo aproveitado/utilizado debidamente, situación esta que se trata de solucionar coa adopción do presente acordo, desafectando o inmovible do servizo público de educación e destinándoo a unha finalidade/uso que satisfaga o interese público, tendo en conta e resultando determinante os usos permitidos e outros condicionantes establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LS).*

*Visto que segundo o PXOM o inmovible forma parte do sistema local de equipamentos e dotacións comunitarias, clave E-022, denominación "Colexio de Xaviña", uso educativo e titularidade pública.*

*Visto que o PXOM prevé que "O cambio de uso dunha zona cualificada como equipamento a outro uso dun equipamento distinto debe realizarse a través do proceso sinalado no art. 47.4 da LOUG. O Concello pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteñan a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos".*

*Visto que previsión anterior se recolle igualmente nos art. 42.5 da LS e art. 65.7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLS).*

*Visto que de conformidade co RLS o uso cultural dos equipamentos comprende aquelas actividades destinadas a satisfacer as necesidades dos cidadáns, comprendendo todas aquelas de índole cultural, como bibliotecas, museos, teatros, auditorios, aulas de natureza e outros servizos de análoga finalidade.*

*Visto que o PXOM pola súa banda se refire a uso sociocultural, definíndoo como aqueles espazos ou locais destinados a conservación, transmisión e xénese dos coñecementos (bibliotecas, arquivos, museos, centros de investigación, etc ...) e as actividades socioculturais e de relación (centros de asociacións, agrupacións, cívico-sociais, círculos, confrarías, centros parroquiais, etc..). Establecéndose, ademais, dúas categorías, incluíndo a primeira: centro culturais, museos, bibliotecas e auditorios e a segunda: salas ou locais en baixos comerciais, ou en plantas baixas de edificacións doutro uso característico ou en edificio exclusivo, nos que se desenvolvan actividades con fins socioculturais (exposicións, conferencia, etc..).*

*Considerando que este uso sociocultural do PXOM se encadra perfectamente no uso cultural da RLS.*

*Considerando os antecedentes anteriormente expostos e considerando as actividades que se desenvolven na actualidade polo Concello na parroquia de Xaviña, aquelas outras que nun futuro se podan desenvolver por este e incluso polas asociacións e a propia veciñanza se se conta cun espazo axeitado a tal fin, enténdese que se satisface o interese público e as necesidades dos cidadáns, destinando o edificio a un uso cultural.*

*Vistos, pois, os antecedentes anteriormente expostos, o expediente tramitado, no que constan os informes emitidos pola arquitecta e pola secretaria municipal, e de conformidade co previsto no art. 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de*



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

réxime local e o art. 8 Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RB), se propón a adopción do seguinte,

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a desafectación da “Escola de Xaviña”, inmovible que se describe a continuación, segundo consta no inventario, ata agora destinado ao servizo público de ensino e a súa afectación simultánea ao uso cultural, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio na súa natureza xurídica como ben de dominio público, afecto ao servizo público.

Número: 61

Nome do inmovible: “Escolas de Xaviña”.

- **Situación:** Está no lugar de Pedrouzo, o Campo de Pedrouzo da parroquia de Xaviña.
- **Lindeiros:** Fronte ou entrada. Camiño de Boedo e outros; Dereita. Terreo público e pista de concentración parcelaria; Esquerda. Terreo público e fincas labradías de varios e Espalda. Camiño Boedo e outros.
- **Superficie:** Ocupa unha superficie de 272 metros cadrados.
- **Características:** Trátase dun edificio de planta baixa e piso. No baixo existen catro aulas para clases e na planta alta catro vivendas para o señores mestres. Foi construído polo Estado e recibido definitivamente segundo acta de data 23 de marzo de 1971.
- **Natureza do dominio:** Está cualificada Dominio Público e Servizo Público.
- **Título de propiedade:** Pertence a este Concello por ter sido edificado para o mesmo pola “Junta de Construcciones Escolares”.
- **Rexistro da Propiedade:** Non figura inscrito no Rexistro da Propiedade.
- **Destino e acordo:** Os das disposicións vixentes.
- **Data de adquisición:** 23 de marzo de 1971.
- **Costo da adquisición:** ningún

**Segundo.-** Solicitar a oportuna autorización á administración competente en materia de educación, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no Decreto 250/1998, do 21 de xullo e no Real Decreto 605/1987, do 10 de abril.

**Terceiro.-** Someter o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante a inserción de anuncios no taboleiro do Concello e no Boletín Oficial da Provincia para que se poidan formular as alegacións que se estimen oportunas”.

Visto que, en cumprimento do citado acordo, o expediente foi sometido a exposición pública, mediante anuncio publicado no BOP nº 232, de data 5 de decembro de 2019 e no taboleiro de anuncios do Concello sen que se teñan presentado alegacións, segundo consta no certificado emitido pola secretaría municipal, en data 14 de xaneiro de 2020.

Visto que se solicitou a oportuna autorización á administración competente en materia de educación, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no Decreto 250/1998, do 21 de xullo e no Real Decreto 605/1987, do 10 de abril.

Considerando que foi outorgada polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en data 2 de xuño de



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

2020 (REX nº 202000000001163, de data 4 de xuño), autorización previa para a desafectación solicitada.

Considerando que seguen a manterse as razóns de oportunidade e legalidade que motivaron o inicio do expediente e a adopción do acordo plenario de 29 de novembro.

Visto que segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) o inmovible forma parte do sistema local de equipamentos e dotacións comunitarias, clave E-022, denominación "Colexio de Xaviña", uso educativo e titularidade pública.

Considerando que, como quedou xustificado no expediente, o edificio debe ser destinado a un uso cultural, uso que segundo as tipoloxías establecida polo PXOM se encadraría no uso dotacional, clase sociocultural.

Considerando que o PXOM prevé que: *"O cambio de uso dunha zona cualificada como equipamento a outro uso dun equipamento distinto debe realizarse a través do proceso sinalado no art. 47.4 da LOUG. O Concello pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteñan a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos"*.

Visto que a previsión anterior se recolle igualmente no art. 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LS) e no art. 65.7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLS).

Vistos os informes emitidos pola secretaria e arquitecta municipal que obran no expediente.

Vistos, pois, os antecedentes anteriormente expostos e o expediente tramitado é polo que de conformidade co previsto no art. 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no art. 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, no art. 42.5 da LS e no art. 65.7 do RLS, se propón a adopción do seguinte,

### ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente a desafectación da "Escola de Xaviña", inmovible que se describe a continuación, segundo consta no inventario, ata agora destinado ao servizo público de ensino e a súa afectación simultánea ao uso cultural, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio na súa natureza xurídica como ben de dominio público, afecto ao servizo público.

- Número: 61
- Nome do inmovible: "Escolas de Xaviña".
- Situación: Está no lugar de Pedrouzo, o Campo de Pedrouzo da parroquia de Xaviña.
- Lindeiros: Fronte ou entrada. Camiño de Boedo e outros; Dereita. Terreo público e pista de concentración parcelaria; Esquerda. Terreo público e fincas labradías de varios e Espalda. Camiño Boedo e outros.
- Superficie: Ocupa unha superficie de 272 metros cadrados.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

- Características: Trátase dun edificio de planta baixa e piso. No baixo existen catro aulas para clases e na planta alta catro vivendas para o señores mestres. Foi construído polo Estado e recibido definitivamente segundo acta de data 23 de marzo de 1971.
- Natureza do dominio: Está cualificada Dominio Público e Servizo Público.
- Título de propiedade: Pertence a este Concello por ter sido edificado para o mesmo pola “Junta de Construcciones Escolares”.
- Rexistro da Propiedade: Non figura inscrito no Rexistro da Propiedade.
- Destino e acordo: Os das disposicións vixentes.
- Data de adquisición: 23 de marzo de 1971.
- Costo da adquisición: ningún

**Segundo.-** Cambiar o uso establecido polo PXOM para o referido terreo/inmóble, integrante do sistema local de equipamentos e dotacións comunitarias, identificado no referido instrumento de planeamento coa clave E-022, denominación “Colexio de Xaviña”, pasando o uso de dotacional, categoría educativo, a dotacional, categoría sociocultural, manténdose a súa titularidade pública.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Xa foi desafectado, xa autorizou a Xunta o cambio de uso, o PXOM di que para o cambio de uso hai que sometelo a pleno e o imos destinar agora mesmo a centro sociocultural”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Van desaparecer as armas de alí?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “As armas...?”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Os cazadores”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Que susto me deste. A partir de agora todo o mundo que queira, terá que vir solicitar día e hora, non vai haber unha aula exclusiva nin para cazadores nin para ninguén, como se está cedendo a Casa de Pedra, como se está cedendo o Centro Cultural da Ponte. En Xaviña non temos nada municipal porque todo o estamos facendo a través do teleclub, en principio vai para centro sociocultural, se, ao mellor, algún día, o queremos destinar a outra cousa, simplemente se traerá ao pleno e se cambiará o uso.

Aos cazadores eu xa lles avisei”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Vamos que ninguén vai ter uso exclusivo de ningunha sala”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non, non, agora ves ti, asociación, quero os sábados de dez a dúas pois de dez a dúas”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 0**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

### 6º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 7/2020.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

Vista a relación de facturas pendentes de aprobación, incluídas no POS+ 2020 "Pago a Provedores", correspondentes o ano 2019, que se relacionan ó final desta proposta, por un importe total de 146.939,42 €.

Acreditada a existencia de consignación no orzamento vixente da Corporación para o ano 2020, unha vez aprobado o expediente 2020/T002/000009 de modificación de créditos nº 9/2020 por xeración de créditos.

Visto que todas as facturas figuran na conta 413" Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao orzamento" xa que non puideron ser aprobadas por falta de crédito adecuado e suficiente no ano correspondente, mais se considerou que as obras tiñan carácter de imprescindible para o mantemento dun nivel mínimo de calidade de vida da poboación do municipio.

Vistas as liquidacións presentadas polo Consorcio Galego por un importe total de 3.951,22 €, relativas o 2º, 3º e 4º trimestre do ano 2019, correspondentes á chegada municipal do Programa Xantar na Casa, que tendo consignación orzamentaria no ano 2019 non foron presentadas ata o ano 2020.

Vistas as liquidacións presentadas por Augas de Galicia respecto o canon de auga e coeficiente de vertedura relativas a recibos impagados e non xustificadas, por un importe total de 781,10 € procedentes de recibos de exercicios anteriores.

Visto ademais a necesidade de realizar o pagamento de todas as facturas e liquidacións, toda vez que se está a incumprir o período legal de pago, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre outros gastos do exercicio en curso.

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos provedores sinalados, e visto o Informe de Reparación formulado pola Intervención Municipal por importe de 151.671,74 €, de data 21 de xullo de 2020, é polo que se propón a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Resolver o reparo formulado pola Intervención Municipal, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2019 prorrogado para o 2020, o recoñecemento extrajudicial de crédito (expte REC 7/2020) por un importe total de 151.671,74 €, aprobando as seguintes facturas e liquidacións relacionadas a continuación:

1- Relación de facturas

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/	30/04/20	0012Emit-	29/04/20	17.156,	B158196	CONSTRUCCIONES	MODIFICACIÓNS EN



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
2019/1033	19	5	20	58	42	MANTIDO, S.L.	RÚA DE ABAIXO. AROU
F/ 2019/1069	02/05/2019	1 190004	30/04/2019	36.616,97	B70262829	GR.CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	REMODELACIÓN E HUMANIZACIÓN DE RÚAS TRÁS HORTAS E ADXACENTES DE CAMARIÑAS
F/ 2019/1268	14/05/2019	Cymco Emit-19	14/05/2019	22.115,95	B15961345	CYMCO GALICIA	ACONDICIONAMENTO DE PISTA REIRA, TRAMO CABO VILÁN A CEMITERIO DE INGLESES, BACHEO E LIMPEZA CUNETAS
F/ 2019/1377	23/05/2019	019Emit-8	23/05/2019	26.792,04	B15819642	CONSTRUCCIONES MANTIDO, S.L.	TRABALLOS DE REASFALTADO E PAVIMENTO DE FORMIGÓN EN VIAIS PÚBLICOS
F/ 2019/1391	28/05/2019	2019 0205	22/05/2019	14.983,65	76321492V	ANSELMO CUNDINS NOVOA	EXECUCIÓN DE REDES DE AUGAS FECAIS NO LUGAR DE DOR
F/ 2019/1598	11/06/2019	19 00177	05/06/2019	14.878,16	B70481247	MOVIMIENTOS CRISTINA, S.L.. STA	SERVIZO DE RETIRADA DE XARDINEIRAS EN ZOAS DE ÁRBORES E RETIRADA DE MALEZA E TERRA EN ZOAS DAS FAROLAS
F/ 2019/1619	17/06/2019	FE19 27	13/06/2019	7.983,69	B15209794	CONSTRUCCIONES. DOGANDO, S.L.	RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN RÚA SIXTO-XAVIÑA
F/ 2019/1621	17/06/2019	FE19 29	17/06/2019	6.412,38	B15209794	CONSTRUCCIONES DOGANDO, S.L.	FRESADO DE AGLOMERADO ASFÁLTICO/DEMOLICIÓN DE ENTRADA DE PAVIMENTOS DE FORMIGÓN CON MEDIOS MECÁNICOS (REGO DA GÁNDARA)

2- Liquidacións do Programa "Xantar na casa" do 2º, 3º e 4º trimestre do 2019 por un importe total de 3.951,22 €, que tendo consignación orzamentaria no 2019 non foron enviadas ata o 2020.





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Nº de Entrada	Data Entrada	Nº de liquidación	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
202000000000633	06/03/2020	794	12/09/2019	1250,83	S1500072B	CONSORCIO GALEGO	XANTAR NA CASA 2º TRIMESTRE 2019
202000000000718	09/03/2020	965	13/11/2019	1426,18	S1500072B	CONSORCIO GALEGO	XANTAR NA CASA 3º TRIMESTRE 2019
202000000000769	11/03/2020	1149	27/02/2020	1274,21	S1500072B	CONSORCIO GALEGO	XANTAR NA CASA 4º TRIMESTRE 2019

3- Liquidacións de Augas de Galicia por recibos impagados non xustificadas de canon de auga e de coeficiente de vertedura.

Nº de Entrada	Data Entrada	Nº de liquidación	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
220190000001396	12/10/2019	A/016/016/C/017	07/08/2019	711,05	Q1500378 C	AUGAS DE GALICIA	IMPAGADOS NON XUSTIFICADOS DE CANON DE AUGA DE ACORDO COA RESOLUCIÓN 016/016/C/4
220190000001396	12/10/2019	B/016/016/C/018	07/08/2019	70,05	Q1500378 C	AUGAS DE GALICIA	IMPAGADOS NON XUSTIFICADOS DE COEFICIENTE DE VERTEDURA DE ACORDO COA RESOLUCIÓN 016/016/C/4

**TERCEIRO.-** Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias e proceda o seu pagamento.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** "Son todo obras, Construcciones Mantido... e despois está o consorcio, Xantar na casa, isto xa estaba recollido, como agora foron os 107.000 no POS+ adicional 2020, iso xa estaba recollido no POS 2019, que pasa? Que aprobouse agora e hai que facer este pago e a verdade é que levan bastante tempo esperando".

Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020

17/40



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Un dos pagos é da rúa Trashortas que vemos que o orzamento se incrementa nun 64%, podes explicar a que é debido?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Cando se comezou esa obra tanto Cuca como os Telefonos ... pediron... que non pasaba unha ambulancia e parece ser que Pichurri tiña o compromiso de que unha vez iniciada a obra se ía anhear, a verdade é que eles o puxeron fácil, cederon os terreos, e entón puxémonos a anhear, a rúa quedou case o dobre de como estaba, Pichurri tiña o compromiso e eu o mantiven porque evidentemente era para mellorar, e supuxo 36.000 €.

De todas formas agora está a rúa do Sixto aberta na Ponte, vaise abrir agora pronto Buría, hai dúas en Camelle e procuro ... se queren anhear será entregada a obra, cando se iniciara o anheamento, por exemplo, no Sixto vaime quedar mal, queda alí un “mojón” que é propiedade privada e non teño maneira de contactar con eles. Por exemplo no Sixto está o proxecto feito e agora chegas ao Sixto, cae de caixón que por onde vai o de Simón había que poñer formigón que é por onde máis xente vive, pois non está reflectido no proxecto, Pichurri chegaba ese momento e dicía pois facémolo, eu xa lle dixen que esta vez que non, hai que facer exactamente o que di o proxecto, cando se acabe a obra o tentarei facer con medios propios... porque eu tampouco me vexo cómoda con semellantes cantidades ... pasoume igual na rúa de Abaixo de Arou, pasou en Río do Prado, que tamén abrimos e non sabían que era río do Prado, xa o nome da rúa o di: río ... pero os arquitectos fan os proxectos... é verdade que nós lle dicimos faimos río do Prado por 110.000 €, ao mellor había que fácelo por 160.000 € pero hai que adaptarse ao orzamento e despois xorden cousas.

Eu vou tentar que pola miña parte, por parte de todos, que non imos facer máis este tipo de modificados, se nos encontramos con isto, salvo que o problema non permita seguir a obra... despois, cando se entregue o Sixto xa iremos con medios propios ou con outra empresa para acabar, porque a verdade é que onde máis xente vive é onde peor queda.

E tamén os arquitectos... a primeira obra desta corporación vai ser o Alto do Penedo, que xa entrou no POS+2020, xa lle dixen que non quero ningunha sorpresa nin nada o que sexa é o que vai, se hai que facer menos se fará menos. Tamén só podemos poñer unha obra, co outro sistema poderíamos poñer dúas, pero prefiro que vaia o Alto do Penedo completo”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Estamos de acordo en pagar o que non vemos ben é que a xente tarde un ano”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Logo o de Reira, a fas ou non a fas, despois te chega un inverno de tanta choiva, chega Semana Santa e todo o mundo criticando a pista de Reira, pois que fas? Hai que fácela, fixo a metade a Xunta con Mantido e a outra metade Cynco, non hai partida orzamentaria pero veste na necesidade de fácelo... non iamos quedar un ano enteiro así”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)</b> <b>Votos en contra: 0</b>
---



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas

### **7º.- RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE APLICACIÓN DE BONIFICACIÓN NO ICIO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRAS DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA SITA EN RÚA PRINCIPAL, Nº 100, CAMELLE**

O Concelleiro, Sr. Caamaño Fernández, sendo as 20:15 horas, antes do inicio do debate deste asunto, abandona a sesión por incorrer na causa de abstención prevista no art. 23.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e en cumprimento do previsto no art. 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ao ser o citado Concelleiro o promotor da referida licenza e solicitante da bonificación.

O Concelleiro se reincorpora á sesión, dous minutos despois, unha vez se ten adoptado polo pleno o correspondente acordo.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

Vista a solicitude formulada por Don. Sergio Caamaño Fernández, de recoñecemento da bonificación do Imposto de Instalacións, Construcións e Obras, por ter a construción obxecto de rehabilitación a consideración de interese cultural.

Visto o Informe de carácter favorable emitido polo tesoureiro municipal de data 21/07/2020, relativo a concesión da bonificación do 50% no Imposto de Instalacións, Construcións e Obras.

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer a bonificación do 50% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por tratarse dun ben incluído no catálogo de bens culturais do Concello, en virtude do disposto na Ordenanza Fiscal de dito imposto aprobada por este Concello e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 17/11/1999, nº 264, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

**SEGUNDO.-** Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se de traslado da presente resolución ó servizo de tesourería e se notifique ó interesado.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 11 (7 grupo municipal socialista e 4 grupo municipal do PP)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas

### **8º.- MOCIÓN DE URXENCIA**

Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020

19/40



### **MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-BNG**

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo mixto-BNG, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Toda a comarca da Mariña está a mobilizarse nos últimos días para evitar o posible peche da planta de Aluminio en San Cibrao, o que suporía a perda duns oitocentos postos de traballo entre empregos directos e das empresas auxiliares. Debe lembrarse que Alcoa ten máis de mil traballadores nas dúas plantas, Alúmina e Aluminio, e as empresas auxiliares, máis de setecentos. A empresa vén de anunciar o inicio do proceso formal de consultas para o ERE da planta de San Cibrao o 25 de xuño, que suporá o despedimento de máis de 500 persoas, sen agardar a ningunha negociación que permita o mantemento da factoría.

Alcoa xa comezou en marzo unha parada das cubas en electrólise, que aínda que naquel momento se anunciou como temporal, parecía preludiar xa o camiño cara a un posíbel peche. A día de hoxe xa están inactivas entre 18 e 21 cubas. Esta medida xa tivo consecuencias directas nas empresas auxiliares con 43 traballadores en ERTE.

O principal problema que ameaza a viabilidade da empresa son os altos custos da enerxía eléctrica, que resulta imprescindible para a produción na planta de aluminio.

A solución ao alto custo da enerxía tanto para Alcoa, como para o resto das empresas consideradas grandes consumidoras de enerxía no noso país, pasa pola posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica Galega, como sempre defendeu o BNG. Na Galiza somos exportadores de enerxía, soportamos os custes ambientais desa produción, polo que sería de xustiza, que en compensación, o territorio galego puidese regular o seu propio marco enerxético e que o custe fose menor para as súas industrias e consumidores en xeral.

Ademais, outras medidas que poderían paliar a situación, como a reforma do Estatuto do consumidor electrointensivo, comprometidas polo Goberno central e que aínda non están vixentes, posibilitarían a adquisición de enerxía a baixo custo, tema respecto ao cal, a propia empresa lamentou publicamente que desde o Goberno non se deu ningún sinal de cambio.

O Goberno deberá pór en marcha medidas que supoñan un abaratamento do custo da enerxía, para permitir a viabilidade económica e produtiva desta empresa e do conxunto da industria electrointensiva.

En todo caso, ante o anuncio de peche da planta de Aluminio, e para evitar a catástrofe económica e social que tería en toda a comarca, o Goberno español deberá apostar pola nacionalización da factoría, que xa no seu día foi pública e que nunca debeu ser privatizada, asegurando así, os postos de traballo e o futuro económico do principal motor económico na Mariña. Nin o marco normativo galego, nin o do Estado, nin o da Unión Europea impiden a nacionalización de Alcoa, por tanto, esta solución só necesita da vontade política das Administracións públicas, solución que permitiría preservar o emprego e salvar unha comarca enteira.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### ACORDOS

Estas son as razóns polas que solicitamos ao Pleno do concello de Camariñas a adopción do seguinte **Acordo**:

**Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:**

- 1. A intervención de Alcoa para retornala ao ámbito público, nacionalizando a planta, para así manter os postos de traballo que dependen da mesma e o futuro económico e social de toda a comarca da Mariña.**
- 2. A posibilitar unha Tarifa Eléctrica Galega que resarza a Galiza dos custos de produción, que permita ás familias beneficiarse da riqueza enerxética do seu país e ao mesmo tempo favoreza a viabilidade da industria asentada no seu territorio.**
- 3. Pór en funcionamento o Estatuto do Consumidor Electroativo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao poida manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e así garantir o futuro da factoría e dos postos de traballo da mesma.**

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Nós sempre que sexa porque non se perdan postos de traballo..., con nós non vai moito, pero cando as barbas do veciño... eu confío en que o Goberno busque unha solución a todo isto...”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Eu podo estar de acordo pero o da nacionalización dunha fábrica como esa ... eu por ideoloxía xa non estou de acordo, igual que estou a favor de que se ten que facer unha tarifa eléctrica para ese tipo de empresas, nacionalizalas non creo que sexa a vía”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Eu o que estou de acordo é que lle busquen unha solución porque son un montón de familias que viven diso”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Xa foi nacional, quen a privatizou? Foi pública”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Como moitas outras empresas”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Hai que tentar buscar unha solución”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo mixto-BNG a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 9 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto-BNG)</b>
<b>Votos en contra: 0</b>
<b>Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)</b>

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a moción presentada polo grupo mixto-BNG

### **MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-BNG**

**Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020**

**21/40**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo mixto-BNG, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o **noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado**, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, **“contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”**. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. **(Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros)**

**A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.**

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou **“Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”**

**Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes**

### ACORDOS

- 1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a**



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

**capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.**

- 2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.**

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Está á orde do día todo isto... porque a verdade... está en mans todo da FEGAMP, que é a que nos representa a todos. Nos dous acordos estamos a favor porque o interlocutor está sendo a FEGAMP e que se derroque a Lei 2/2012... eu aplaudiría coas orellas”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo mixto-BNG a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 9 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto-BNG)</b> <b>Votos en contra: 0</b> <b>Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)</b>
---

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a moción presentada polo grupo mixto-BNG

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP**

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo municipal do PP, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A modificación do regulamento xeral de Costas iniciada polo goberno socialista de Pedro Sánchez ten xerado dende o seu inicio unha grande inquietude entre as industrias situadas no litoral galego. Esta situación podería ocasionar graves prexuízos a máis dun cento de empresas e outras actividades do complexo mar-industria, así como a milleiros de edificacións galegas asentadas no litoral. De feito, a estrita interpretación da normativa actual xa está a afectar a algunhas empresas que viron como a renovación da prórroga das súas concesións se producía por un tempo inferior a un ano

Esa inquietude foi compartida pola Xunta de Galicia que estivo ao lado dos afectados dende hai máis dun ano reuníndose con eles e con representantes locais e expresando as súas reservas ante o Ministerio de Transición Ecolóxica. O Grupo Parlamentario Popular recolleu tamén esa inqueda social e rexistrou unha proposición non de lei que foi aprobada no Pleno de 29 de abril de 2019 co seguinte texto:

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:*

- Que se dea traslado á Xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga ningunha.*



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

- *Que, de tramitarse unha modificación do Regulamento de costas, se adapte á lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse á dita normativa.*
- *Que o procedemento de reforma do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa consagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas.»*

Sabemos que Galicia solicitou en varias ocasións ao Goberno central que paralizase esta modificación legislativa, ao mesmo tempo que se pediu axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que defendese ao sector neste proceso.

Fontes do PSdG-PSOE afirmaron hai ben poucas semanas, tanto en plenos municipais como a través dos medios de comunicación, que este proceso de reforma e aplicación hiperrestritiva da normativa quedaba sen efecto e que a paralización da modificación era un feito, cuestión nunca comunicada oficialmente e que se baseaba na información que supostamente manexaban estas persoas do nomeado partido.

Recentemente, vimos de coñecer que os temores expresados por Xunta, PP e sector estaban seriamente fundados. Por un lado, hai xa dúas empresas galegas afectadas pola interpretación restritiva da norma, o que podería levar a máis de 250 persoas a perder o seu emprego, alén da economía que estas firmas xeran tanto directa como indirectamente. Pero, a maior abundamento, acabamos de saber que o Goberno central vén de propor a modificación dunha cuestión esencial como é o da duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre a través da Lei de Cambio Climático, e todo elo sen xerar diálogo ningún cos afectados.

Ambos feitos confirman que o proceso de reforma da Lei de Costas non estaba paralizado, senón que se está a levar a cabo con escurantismo e sen ningunha vontade de diálogo, a través da imposición, tal e como se alertou no seu momento desde a Xunta e desde o propio sector afectado.

En definitiva, desde este grupo político sempre defendemos unha normativa que teña presente a necesaria viabilidade e sustentabilidade das industrias vencelladas ao mar, xerando nelas a suficiente seguridade xurídica, cun escenario claro e preciso para que as empresas poidan seguir a desenvolver a súa actividade con normalidade e xerando riqueza nas nosas vilas costeiras.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte MOCIÓN ante o Pleno da Corporación:

### **“O Concello de Camariñas insta ao Goberno de España a:**

- 1. Que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio público marítimo-terrestre formulada a través do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.**
- 2. Que desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre que**





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**interprete e restrinja de forma arbitraria a duración das prórrogas extraordinarias reguladas pola Lei 2/2013 de protección e uso sostible do litoral, tal e como sucedía co proxecto que someteu a consulta pública a comezos de 2019 e co actual integrado no proxecto de Lei do cambio Climático e a Transición Ecolóxica.**

- 3. Que, no caso de manter este propósito de modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, o someta a unha nova consulta pública con prazo suficientemente amplo para permitir e facilitar a remisión de alegacións por parte de administracións e axentes sociais afectados.**
- 4. Que rectifique o cambio interpretativo que está a aplicar na resolución das solicitudes de prórroga de concesións en zona de dominio público marítimo-terrestre, posto que o Consello de Estado corroborou que a lei actual permite as prórrogas de 75 anos.**

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “ENCE é moi ecolóxico...”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Nós en xaneiro xa presentamos unha moción tamén nese sentido.

A min o que me traslada o partido é que por unha parte está paralizado e por outra banda vexo que o sector está inquieto por este tema, desde a confraría transmítente inquietude, desde as depuradoras... Ante a inquietude dáme igual o partido, todo o que sexa perder postos de traballo ... vou aínda que sexa a Madrid. O partido deume esta proposta de moción, coincide no punto de que derroguemos o artigo 18 do proxecto de lei, pero logo de que “*desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre...*”, iso son palabras maiores, isto hai que profundizar máis”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “A preocupación no sector é moi grande, durante o COVID a lei seguiu adiante, non se paralizou, non hai ningún recoñecemento polo PSOE ...”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Os prazos estiveron todos parados ata fai pouco”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “O Goberno pode dicir a lei a imos paralizar, aparcar...”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Tes que entender que eu non comparto a túa exposición de motivos para nada, por iso te digo que imos votar en contra desta moción e imos presentar unha que foi a que nos mandou o xerente de Prodemar, neste caso, imos tentar aprobar esa, xa che digo que na exposición de motivos non podo compartir esta moción, o punto un coincide co noso pero os outros tres non sei, iso de que a lei permite actualmente a prórroga de 75 anos... porque o digades vós ...”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal do PP a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Votos a favor: 4 (4 grupo municipal do PP)**  
**Votos en contra: 8 (8 grupo municipal socialista)**  
**Abstencións: 1 (1 grupo mixto -BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda non aprobar/rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP.

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP**

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo municipal do PP, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) -e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Camariñas, a adoptar os seguintes:

### ACORDOS

#### Manifestar:

**Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xullo de 2020**

**27/40**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

1. O compromiso do Concello de Camariñas, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.

2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

### **Instar o goberno de España a:**

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

7. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** *“Exposición de motivos: “O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo”, a Xunta fixo un esforzo grandísimo... eu con estas exposicións de motivos é que non podo, me doe na alma...*

Despois pon, acordo: *“Manifestar: O compromiso do Concello de Camariñas, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central”, isto é o compromiso do Concello de Camariñas coa lei de Montoro que queremos derrogar.*

Logo pon: *“Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto” a lei de Montoro non permite garantir a autonomía, é unha moción completamente de partido que non hai por onde collela, se ve que é por ir ao ataque do Goberno. Eu estou de acordo en que se derroge a lei Montoro, que se flexibilice a regra de gasto, que nos deixen gastar o superávit e que non nos collan o cartos pero ...*



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

É que é contraditoria, di: “manifestar o compromiso do Concello de Camariñas coa lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Para utilizar en casos coma este”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Pero a lei Montoro non che deixa, nós estamos de acordo en que se flexibilice pero non coa exposición de motivos, a exposición de motivos do BNG é máis clara, hai que flexibilizala e que cada concello empregue o seu remanente como mellor vexa, pero non vou apoiar a lei Montoro”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Directamente vós dicides onde se ten que gastar e como se ten que gastar”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ademais hai outra cousa Mauro está a FEMP que é a que nos defende a todos e supoño que chegaran a un acordo pero tampouco sei ... o que lle interesa ao Concello de Camariñas, non todos os concellos estamos na mesma situación, o que nos interesa, superávit por desgraza non temos, ou por sorte porque polo menos o gastamos e o viron os nosos cidadáns, o que máis nos afecta é que quiten a regra de gasto polo menos un ano, dous anos polo tempo que dure esta crise. Imos votar en contra sobre todo pola exposición de motivos porque é unha burla. É contraditoria”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Non é contraditoria a lei Montoro para moitas cousas debe seguir...”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Así que a poñemos en suspenso un ano, dous anos e logo volvemos outra vez”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Evidentemente como foi antes e como está o país é imposible seguir”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Está claro que o que aforrou foi del, a Constitución garante a autonomía local pero a lei Montoro a incumpre porque non nos permite facer nada, nin sequera se pode repoñer ás persoas que se xubilan”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal do PP a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<b>Votos a favor: 4 (4 grupo municipal do PP)</b> <b>Votos en contra: 9 (8 grupo municipal socialista e 1 grupo mixto -BNG)</b> <b>Abstencións: 0</b>
---

Polo que o Pleno da Corporación acorda non aprobar/rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP.

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo municipal socialista, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A relación de Camariñas e a súa comarca co Mar forma parte da súa historia, do seu desenvolvemento e por suposto da súa identidade.

Ao longo de xeracións Camariñas conviviu co Mar en perfecta harmonía, foi o seu sustento, motor do seu desenvolvemento económico grazas ás súas xentes e aos seus case infinitos recursos; somos un exemplo de municipio pioneiro e punteiro nos distintos sectores do Mar Industrial, non só a nivel nacional senón máis aló das nosas fronteiras, distribuindo produción ademais de servir como modelo a multitude de empresas ao longo dos cinco continentes.

Por iso, o sector e xa que logo, o pobo de Camariñas necesita o apoio institucional local e comarcal por considerar imprescindible a garantía e o mantemento do emprego nos sectores afectados, nesta ocasión ante o proxecto de modificación da Lei de Costas a través do Artigo 18 do Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.

Os principais sectores afectados son os que se atopan situados en dominio público marítimo terrestre, mantendo concesións da Dirección Xeral de Costas.

Non se pode poñer en risco os miles de postos de traballo existentes en devandito dominio público, sendo en gran parte mulleres e ademais estando nuns enclaves no que dificilmente teñen outra alternativa laboral.

Resulta necesario dar unha tranquilidade e seguridade xurídica ás empresas, non levando a cabo ningunha medida que poña en risco os miles de postos de traballo que, en caso de modificarse o citado Artigo 18 de proxecto de Lei de Cambio Climático sen o consenso cos axentes sociais, poden verse seriamente en perigo.

Ante esta situación sométese ó Pleno a aprobación da seguinte MOCIÓN:

Instar aos Grupos do Congreso dos Deputados e ao Goberno do Estado a:

1. Que se modifique a redacción do artigo 18.4 da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética garantindo a seguridade xurídica e a estabilidade a todos os sectores que conforma n o sector do Mar Industrial Local.
2. Que cando se leve a cabo a modificación da normativa de Costas se teña en conta o sector Mar-industria alimentario de Galicia pola súa transcendencia socio-económico para a nosa Comunidade Autónoma.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Quero engadir que as leis está vivas non están mortas, na túa moción pídese que non se modifique o art. 18, nós o que pedimos e que se se modifica se teña en conta ao sector”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Cando se leve a cabo a modificación?”

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Se se modifica”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Se se modifica, non están pedindo que se modifique”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Que cando se leva a cabo a modificación da normativa de costas se teña en conta ao sector”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Pero eles non están pedindo que se modifique, cando se leve a cabo a modificación que se conte con eles, non é que se faga. O sector non está pedindo que se modifique a Lei de Costas”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O art. 18.4 é o que entendemos todos que está mal, aprobamos esta con esta exposición de motivos que é máis vinculada a Camariñas e que é a do sector”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal do socialista a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE e 4 grupo municipal do PP)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 1 (1 grupo mixto -BNG)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a moción presentada polo grupo municipal socialista.

## **PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **9º.- DECRETOS DE ALCALDÍA E COMUNICACIÓNS**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta dos decretos firmados pola Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación.

### **10º.- ROGOS E PREGUNTAS**

#### **ROGOS**

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Entendemos que as obras non están ben sinalizadas, cando che mandan para A Coruña e chegas ao cruce e de repente non hai máis para onde ir, están mal sinalizadas. En Camelle, xa é un caos porque entran os coches polo muelle e se encontran que ao subir para arriba non teñen por onde ir, que se poña unha sinalización de algo.

Xa o pedín dúas veces: que pintes os aparcadoiros”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Xa che dixen, sen ser en pleno, que non me acordo que pediras o pintado dos aparcadoiros fronte á fachada marítima”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Hai xente que ocupa tres prazas co conto de que non están pintadas”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ata non me fixei, os adoquíns non están ...?”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Non se distinguen”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Vale”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Na Roda hai un problema coas ambulancias, porque non hai limitación algunha e cada un aparca por onde quere”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “En Tras Hortas, a filla de Vicente Carril me pediu retranquear a parede de Vicente para atrás, que aínda non o fixen nesa obra porque...”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Non me refiro xa a iso, hai un poste e a ambulancia non pode entrar hai coches ademais no medio”.

A Concelleira, Sra. Carril Martínez ensina unha fotografía.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “De todas formas... ese coche... me mandaron a min un WhatsApp que levaba aparcado días e días e días, e mandei a policía local, o identificaron, era un senegalés que estaba no mar, o quitaron agora xa”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Unha liña amarela aí”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Tamén quero dicir que foi porque o senegalés marchou para o mar e non se acordou máis de quitar o coche de aí”.

Entón pintar a liña amarela xusto aí, nesa esquiniña”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Que pasa cos xardíns que se cortan dous días antes das festas? Porque en Camelle polo visto ata antes da festa aquilo parecía unha selva”.

**O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo:** “En Camelle se cortou a herba hai dous meses e medio”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O de cortar silvas... eu non sei se ao estar tres meses parados, pois, medraron, estamos desbordados”.

**O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo:** “Se cortou hai dous meses e medio”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “De todas formas llva, no orzamento de 2021, a ver se son capaz, se non teño que facer moitos recortes, tentarei poñer unha empresa de xardinería para todo o Concello pero a ver se pode”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Era o ideal”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Eu xa sei o que é o ideal”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “En Area da Vila o Paseo Marítimo o estiveron limpando e a caída para abaixo nunca se vai limpar, logo?”.





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Algo limpamos. Estivemos cunha empresa de xardinería que dicían que non se debían de cortar”.

**O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo:** “Co de Camelle veu un grupo de ecoloxistas e dixeron que non se debían cortar”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Pero os ecoloxistas no medio do cemento métese tamén?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ti queres que Area de Vila se lle corte a herba pola beira do mar?”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Si”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Vale”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Cando vas sacar a normativa para os cans?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Quixen traelo para este pleno pero non nos deu tempo. A ver se no de setembro nos dá tempo, non é só o da caca, haberá que habilitar unha praia só para cans, prohibir cans noutras praias, outras cousas...”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Unha soa para cans non se che ocorrerá”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Hai de quen me chamou onte a tarde...”

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “A que te chamou a ti, tamén me chamou a min”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Se non te gustan os cans tes un problema tamén, porque digo eu que en Reira poderás ir co teu can. Non poderás ir a praia de Arou pero en Reira...”

Hai unha lei autonómica de que non se poden levar os cans ou se os levas telos que ter suxeitos, non pode marchar o can pero tamén é verdade o que di Ilva, se ti vas a Reira non é o mesmo que se vas a Arou. Estamos tentando crear unha normativa, a ver se a podemos traer no pleno de setembro.

Leva tempo insistindo niso, xa lle dixen que si fago iso non o farei en Reira o farei en Area da Vila, o farei en Arou e nas do pobo, pero en Reira... como non vas poder pasear co can?”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Tamén pedir se podiamos gravar os plenos, por favor”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Se os facemos todos telemáticos...”

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Eu me apunto”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Telemático non”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “A min encantoume. A documentación dixital? Noutros sitios estase mandando a documentación dixital”.

A secretaría, pide a palabra é di que respecto aos pleno telemáticos están previstos para situacións excepcionais, que respecto á gravación dos plenos si é posible sempre que existan medios técnicos e que ese arquivo se incorporaría ao expediente xunto co acta, e respecto á remisión da documentación por medios electrónicos o ROF non ten cambiado e no Concello se cumpre estritamente co establecido nel, estando a documentación desde a convocatoria a disposición dos membros da corporación na secretaría.

### **PREGUNTAS**

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Xa o preguntamos na Comisión Especial de Contas, se no ano 2019 levamos un desfase de case 700.000 € pagados no ano 2020, canto queda por pagar de 2019? e tedes algunha previsión, co que pasou do COVID, de canto quedará pendente do 2020?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “A pregunta tamén é complicada porque estamos en agosto e me queda medio ano por diante, xa che dixen que a situación económica é a que é, tentarei neste mandato poñer todo máis ou menos ao día, do 2019 só quedan dúas facturas: unha de 6.000 € e outra de 7.000 €, pagamos todo con cargo ao orzamento 2020.

Imos ter que facer un PEF, supoño, non sei se facer orzamento do 2020 ou 2021, non o temos moi claro, porque se deixan utilizar o remanente a Deputación vains dar un remanente importante que nos corresponde a nós como concello que nos daría para pagar todo iso, pois non sei, estamos pendentes do que pasa co remanente e co superávit da Deputación.

Tivemos unha reunión o venres, onde tamén nos deron unha subvención de 80.000 €, onde o Concello ten que poñer 20.000 €, para axudas aos autónomos e aí foi onde nos dixo que se lle deixan, non todo remanente pero polo menos a metade do remanente a repartiría cos Concellos, nos tocarían 300.000 ou 400.000 € que poñeríamos todo para pago a provedores. Estamos facendo un esforzo, os 107.000 € do POS podía ir noutra obra, sen embargo, o puxemos para gasto corrente, esperamos que neste prazo de 2020 e 2021 a situación se estabilice, o que me vai vir de agosto ata a decembro... eu non sei o que vai vir, estamos tentando conter gasto pero... o que me vai vir non sei, estamos en agosto”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Só quedan 13.000 € de 2019?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “De facturas de 2019, si”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Pide un préstamo ao banco”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non se pode, mira o primeiro ano de Pichurri pediu daquela 1.000.000 €, ti sabes o gusto que tiña que ser iso, 1.000.000 € pero agora iso xa non existe.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Tentarei que para o orzamento 2021 a situación estea controlada. Agora que visto o visto tamén te digo unha cousa, por exemplo concellos que agora teñen 3.000.000 € de aforro ... e vai marchar o Goberno con todo, pois mellor que o viran os cidadáns”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Tedes previsto polo Concello algunha medida de apoio pola COVID?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Aos autónomos?”

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “En xeral, porque nos levamos anos pedindo unha rebaixa do IBI, se conseguiu un ano”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Imos ver Mauro, nós, por exemplo: a hostalería, comercio e todos os que nos vimos afectados por menos ingresos do COVID, xa imos recibir unha axuda de “x” cartos, non sei de cantos cartos pero vaite chegar para pagar con toda seguridade a urbana e eu non vou baixar impostos cando aínda teño que facer un PEF e ao mellor teño que subilos”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “E o lixo?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O sectores que se viron afectados polo COVID, tivestes que tramitar un cese de actividade ou demostrar que tivestes menos ingresos, 75% menos”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “E cando?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Cando aprobe as bases a Deputación, dentro diso comentaba que ía ser así, son 80.000 € a repartir cos autónomos do concello”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Pero ti cando falabas do lixo, dicías que non paguen os hostaleiros o lixo ata o final”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Que non a paguen ata o final por iso, porque se ven esa axuda xa dará unha cousa para outra, ao mellor teñen que xustificar o pago do lixo, ao mellor o requisito da Deputación é que tes que ter facturas de gastos, compra de EPIs, de mamparas ... non sei como van saír as bases, creo que van saír agora, para setembro, o lixo hai que pagalo antes do día un ... non sei se terán as bases feitas pero antes de fin de ano van estar. A urbana vai vir en outubro, novembro, eu penso que vai dar unha cousa para outra con case toda seguridade...”

Hai outra cousa, ao mellor hai persoas que non tramitaron o cese de actividade...”

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Vanse subir os impostos”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non estou dicindo que vaia subir impostos pero non os vou baixar porque a situación do COVID vai estar cuberta, á maioría da xente a situación económica non lle cambiou, hai xente que non lle cambiou a situación económica.”

Non lle vou baixar a urbana a unha empresa de limpeza que ao mellor nunca tanto traballou. O da urbana é unha situación moi complicada, hai moitos que teñen unha segunda vivenda e non están aquí, baixar a urbana xa che digo que non se vai baixar”.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Hai veciños de Camelle que me comentan que na rúa Fornelle que hai problema cos aparcamentos, vai haber algunha regulación? Vas pintar una liña amarela? Vas prohibir aparcar?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Falarei cos policía locais a ver..., para min é a primeira noticia que teño”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Hai coches que aparcan nun sitio que está prohibido aparcar”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Te estarás confundindo co nome de rúa?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Será a Tarasca. Aí hai sempre un problema, a rúa é a que é, e os Pablos teñen sete coches. Eu creo que é esa, de Fornelle nunca me dixeron nada. Na Tarasca levamos anos co conto.

Miramos se é Fornelle, ti confirma.

No caso dos Pablos eu fun falar con eles, lles dixen o problema que había, ademais teñen terreo ao lado da casa, que aparcaran no seu, quedaron en que si, pero...”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Nas obras que se están facendo, as adxacentes ao paseo, vai haber beirarrúas, non vai haber...?”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “O proxecto é todo cemento ao mesmo nivel e pintura lineal, onde se marca a zona de peóns”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “En todas?”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Na “y””.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “A que conecta o paseo co estanco?”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Non, a que te refires agora? a rúa Porto ou a Campo de Area? Vai sen beirarrúa, vai pintada co tema de peón e vai todo ao mesmo nivel porque as beirarrúas que había non cumprían coa normativa polo tema de ancho”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Na outra?”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Na outra xa había beirarrúas pero tamén estamos falando de que unha ten un ancho, que non sei se chegara a 4,5 ou 5 m e a rúa Porto debe ter un ancho case de 10 m. É lóxico, onde hai anchoponse beirarrúas e aparcamentos e onde non hai se traballa co que hai”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Nas facturas dos decretos vemos que hai uns traballos de limpeza de rúas: pediuse algún orzamento para facer a limpeza..? Porque vemos un par de facturas que nos chamaron a atención. Unha



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

foi dous días de traballo de limpeza dunha rúa 2.800 € e outra tres días de traballo 5.400 €”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “E pon así, dous días de traballo?”

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “E outra pon tres días de traballo, dous homes, 5.400€”

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Quen é o terceiro?”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Limpezas Alfonso, hai outras facturas que ven, limpeza de rúas Arou e Camelle mes de xaneiro 1.000 €, 2.000 €, mes de febreiro igual, mes de marzo igual, e de repente vexo esta”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non especifica as rúas nin nada?”.

Pon: limpeza 3 días en Camelle, “,” , rúa chalana, “,” , bancos, “,” paseo marítimo e muro...”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Non estivo tres días, iso cho aseguro”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Hai que mirar a factura, pide a factura, como vai ser tres días.

Cando vexas así, pide a factura física, non iso, que é estrato e vai entrecortado. Como van ser 5.000 € por tres días?”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Agora non me dou conta destas facturas, pero unha vez estivemos Germán máis eu valorando o que nos cobraba por hora, saía a 9 €/hora”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “As táboas van quedar así?”

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Non, temos un líquido comprado, no momento que estea máis seco o meteremos”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Mira, que parece que hai un interesado en coller a auga de Ponte do Porto”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Si, me enterei hoxe”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Non sei se poden, se non poden...”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O Concello fixo a solicitude da captación porque non había ninguén que o pedira”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Agora pode?”.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non sei, haberá que falar con Augas de Galicia se o particular pode coller ou non.

Tamén é un mal momento, penso, porque a Xunta aprobou a lei do ciclo da auga”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “El dixo que asumía os costes de cambio de tubaría..., pero a historia era que se antes había xente que non pagaba e agora que está... o paseo está feito, se o concello lle vai permitir obrar no paseo novo”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non entendo, aí xa está a tubaría de José”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Cortaron para poñer as do Concello”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Pero ti vas ter as dúas augas”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Din que hai xente que polo paseo xa cortou a de José”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Pero desconectarían”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Tería que autorizar a Deputación.

Se aprobou a lei do ciclo da auga na que claramente nin os concellos se van ocupar da auga será a Xunta”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ademais nun prazo próximo. Hai que pensalo ben, non vaia ser que teña que facer unha inversión grande e despois quede sen el”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “A corto ou medio prazo o concello vai deixar de xestionar o auga e o saneamento, iso é unha realidade porque foi aprobado no Parlamento de Galicia a lei do ciclo da auga, no que en palabras da presidenta de Augas de Galicia di que a maioría dos concellos non están capacitados para ocuparse do subministro e saneamento”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Aínda que sexa un ano, dous, tres, catro ... te estou dicindo que non vai amortizar a inversión ... eu creo que aí está o fondo da razón polo que o deixou Miguel”.

**O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández:** “Que teña unha reunión con Augas de Galicia”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Eu non vou entorpecer para nada, a xente que a queira municipal xa a ten, eu creo que xa case veu a Ponte enteira”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Hai que volver conectalo”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ao mellor haberá que cortar algo pero será unha esquiniña de cada casa, se puxo unha tapa.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Eu me brindo ao que queira pero hai que analizar ben todo”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “E competencia do Concello o dos alugueres veraniegos?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Vivendas turísticas?”

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Aluguer”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Aquí fan o trámite ante a Xunta, se asesoran na Casa de Pedra e logo piden un informe de que non teñen ningunha denuncia urbanística, que a día de hoxe lles vale un informe meu, hai un montón de altas de vivendas turísticas”.

**A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez:** “Non te está preguntando iso”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “De quen está alugando en negro?”

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Eu non teño nada en contra diso”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “En contra claro que tes”.

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Eu non”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Por que fas a pregunta, logo?”

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Porque parece que houbo xente que alugou aquí, ten queixas..., presentaron unha reclamación e reclamación pon en contra do Concello de Camariñas”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Un turista alugou unha vivenda, quedaron fatal e culpan ao Concello, bueno...”

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Non, ... e vai saír en medios”.

**A Concelleira do grupo municipal do, Sra. Mouzo Mas:** “Ti vas de vacacións a Madrid e te tratan mal, e os propietarios de Madrid son desastrosos todos”.

Se produce un cruce de intervencións entre os membros do pleno

**A Concelleira do grupo municipal do, Sra. Mouzo Mas:** “Pero a vivenda era ilegal, logo? pois el era cómplice”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “El quere dicir que dana imaxe, e eu que lle vou facer, hai tantas cousas que a danan”.

**O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo:** “Se alguén ven ao meu restaurante, come mal e o publica, será a min non será a Camariñas”.



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga:** “Presentan fotos...”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “A competencia de vivenda turística, é de turismo, terán que revisar as vivendas, que estean en condicións”.

Novo cruce de intervencións entre os membros do pleno.

**E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 21:32 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.**

**A ALCALDESA-PRESIDENTA**

**A SECRETARIA**

**Asd. Sandra Insua Rial**

**Asd. M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**